

Un ano de **#BookFaceFriday**

Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña

www.dacoruna.gal/biblioteca



Contido

INTRODUCCIÓN	3
INTRODUCCIÓN	5
INTRODUCTION	7
CATÁLOGO.....	10

INTRODUCCIÓN

Este quere ser o catálogo dunha exposición que... finalmente puido ser...

Novembro de 2019

Na biblioteca estamos sempre buscando e esculcando para "copiar" as boas ideas de cousas que fan noutros sitios e, por iso, cando vimos esta iniciativa da Biblioteca Pública de Nova York que se facía co cancelo #bookfacefriday non o dubidamos.

#bookfacefriday é unha iniciativa que leva desde 2014 medrando por Twitter e Instagram e cada vez con máis adeptos que se deixan levar por este xogo creativo no que as caras son substituídas polas portadas de libros de calquera índole... e a Biblioteca Provincial tamén caeu neste xogo, que consiste en subir cada venres unha foto deste tipo ás redes sociais.

A idea é fomentar a lectura e estimular aos lectores a que descubran propostas que noutra situación pasarían por alto. Preténdese demostrar que a lectura non só é un pasatempo tranquilo, senón que tamén é algo creativo e divertido.

A primeira foto que se subiu ao IG foi o 22 de novembro de 2019. Gustounos facela, gustounos o resultado, e... por que non dicilo?? houbo unha aceptación xeral bastante boa que nos animou a seguir adiante.

E así continuamos unhas fotos máis...

E se imos un pouco máis aló??? Sempre queremos máis. Se conseguimos unha foto para cada un dos venres durante un ano, poderíamos facer unha exposición con esas 52 fotos nas vitrinas do vestíbulo.

Un reto para 52 semanas xa que non é do todo fácil atopar un exemplar co que pousar e ademais..., un ano é moi longo e pasan moitas cousas.

Anda que se pasan cousas!!!

Para todos e todas temos un antes e un despois desde o 14 de marzo de 2020. Non imos entrar en detalles porque nos cambiou a forma de ver as cousas, a forma de vivir, a forma de traballar... pero non puido co noso #bookfacefriday... e o reto continuou.

Se non podemos facer as fotos con libros físicos (algúns tiñámoslos na casa porque ademais de bibliotecarios tamén nos gusta ler) aínda nos queda a plataforma de libros dixitais, e facémolas na casa con portadas dos libros da EbiblioDaCoruna... e continuamos o reto, non ía o coronavirus frustrar a nosa exposición. É máis, poderíamos dedicar unha vitrina ao confinamento.

E continuamos facendo fotos. E se vos fixades nelas (e non é por presumir) vese como imos evolucionando e as fotos cada vez son máis complexas. En resumo, VIÑÉMONOS ARRIBA!!!

Xa de volta á biblioteca, o protocolo establecido por esta nova normalidade impídenos facer exposicións ou mostras bibliográficas, pero nós non cesamos no noso empeño e queremos dar visibilidade a un traballo que tivo unha grande aceptación por parte do público en xeral, por parte de bibliotecas de todo o mundo, por parte de editoriais, por parte dos autores dos libros, unha iniciativa moi seguida nas redes sociais nas que se sobe ademais de ser un proxecto no que estivo involucrado todo o persoal da biblioteca e... familiares e amigos.

E por iso, porque cada #bookfacefriday que se fixo conta cun equipo detrás sen o que este proxecto sería misión imposible (modelos, suxeitalibros, fotógrafos, atrezo,...), queremos dar as grazas a:

- Adriana
- Ana
- Ana Belén
- Anxos
- Carlos
- Carmen
- Gema
- Jaime F.
- Jaime M.
- Josete
- Juan P.
- Loli
- Marga
- María L.P.
- María L.S.
- María P.F.
- Merchy
- Miguel
- Pablo
- Paula
- Silvia
- Sindo

INTRODUCCIÓN

Este quiere ser el catálogo de una exposición que... finalmente pudo ser...

Noviembre de 2019

En la biblioteca estamos siempre buscando y curioseando para "copiar" las buenas ideas de cosas que hacen en otros sitios, y por eso cuando vimos esta iniciativa de la **Biblioteca Pública de Nueva York** que se hacía con el hastag #bookfacefriday no lo dudamos.

#bookfacefriday es una iniciativa que lleva desde 2014 creciendo por Twitter e Instagram y cada vez con más adeptos que se dejan llevar por este juego creativo en el que las caras son sustituidas por las portadas de libros de cualquier índole... y la Biblioteca Provincial también cayó en este juego que consiste en subir cada viernes una foto de este tipo a las redes sociales.

La idea es fomentar la lectura y estimular a los lectores a que descubran propuestas que en otra situación hubieran pasado por alto. Se pretende demostrar que la lectura no solo es un pasatiempo tranquilo, sino que también es algo **creativo y divertido**.

La primera foto que se subió al IG fue el 22 de noviembre de 2019. Nos gustó hacerla, nos gustó el resultado, y... porqué no decirlo?? hubo una aceptación general bastante buena que nos animó a seguir adelante.

Y así continuamos unas fotos más...

Y si vamos un poco más allá??? Siempre queremos más. Si conseguimos una foto para cada uno de los viernes durante un año, podríamos hacer una exposición con esas 52 fotos en las vitrinas del vestíbulo.

Un reto para 52 semanas ya que no es del todo fácil encontrar un ejemplar con el que posar y además..., un año es muy largo y pasan muchas cosas.

Anda que si pasan cosas!!!

Para todos y todas tenemos un antes y un después desde el 14 de marzo de 2020. No vamos a entrar en detalles porque nos cambió la forma de ver las cosas, la forma de vivir, la forma de trabajar... pero no pudo con nuestro **#bookfacefriday**... y el reto continuó.

Si no podemos hacer las fotos con libros físicos (algunos teníamos en casa porque además de bibliotecarios nos gusta leer) todavía nos queda la plataforma de libros digitales, y las hacemos en casa con portadas de los libros de la **EbiblioDaCoruna**... y continuamos el reto, no iba el coronavirus a frustrar nuestra exposición. Es más, podríamos dedicar una vitrina al confinamiento.

Y continuamos haciendo fotos. Y si os fijáis en ellas (y no es por presumir) se ve cómo vamos evolucionando y las fotos cada vez son más complejas. En resumen, NOS VENIMOS ARRIBA!!!

Ya de vuelta a la biblioteca, el protocolo establecido por esta nueva normalidad nos impide hacer exposiciones o muestras bibliográficas, pero nosotros no cejamos en nuestro empeño y queremos dar visibilidad a un trabajo que tuvo una gran aceptación por parte del público en general, por parte de bibliotecas de todo el mundo, por parte de editoriales, por parte de los autores de los libros, una iniciativa muy seguida en las redes sociales en las que se sube además de ser un proyecto en el que estuvo involucrado toda la plantilla de la biblioteca y... familiares y amigos.

Y por eso, porque cada **#bookfacefriday** que se hizo cuenta con un equipo detrás sin el que este proyecto sería misión imposible (modelos, sujetalibros, fotógrafos, atrezzo,...), queremos dar las gracias a:

- Adriana
- Ana
- Ana Belén
- Anxos
- Carlos
- Carmen
- Gema
- Jaime F.
- Jaime M.
- Jose
- Josete
- Juan P.
- Loli
- Marga
- María L.P.
- María L.S.
- María P.F.
- Merchy
- Miguel
- Pablo
- Paula
- Silvia
- Sindo

INTRODUCTION

This wants to be the catalog of an exhibition that... could finally be...

November 2019

In the library we are always looking and browsing to “copy” the good ideas of things they do in other places, and that is why when we saw this initiative of the **New York Public Library** that was made with the hashtag #bookfacefriday we did not doubt it.

#bookfacefriday is an initiative that has been growing on Twitter and Instagram since 2014 and with more and more followers who are carried away by this creative game in which faces are replaced by the covers of books of any kind ... and the Provincial Library also fell in this game which consists of uploading a photo of this type to social networks every friday.

The idea is to encourage reading and encourage readers to discover proposals that otherwise would have been overlooked. It is intended to show that reading is not only a quiet hobby, it is also **creative and fun.**

The first photo that was uploaded to the IG was on November 22, 2019. We liked taking it, we liked the result, and... why not say it? there was a fairly good general acceptance that encouraged us to continue.

And so we continue some more photos ...

And if we go a little further ??? We always want more. If we get a photo for each of the Fridays for a year, we could make an exhibition with those 52 photos in the display cases in the lobby.

A challenge for 52 weeks since it is not entirely easy to find a specimen to pose with and also... a year is very long and a lot happens.

And a year is very long!!!

For all of us, we have a before and after since March 14, 2020. We are not going to go into details because it changed the way we see things, the way of living, the way of working ... our **#bookfacefriday**... and the challenge continued.

If we cannot take photos with physical books (some of us had at home because in addition to being librarians we like to read) we still have the digital book platform, and we do them at home with covers of the EbiblioDaCoruna books ... and we continue the challenge, the coronavirus was not going to frustrate our exposure. What's more, we could dedicate a showcase to confinement.


And we continue taking photos. And if you look at them (and it is not to show off) you can see how we are evolving and the photos are becoming more complex. In short, WE COME UP !!!

Back in the library, the protocol established by this new normal prevents us from making exhibitions or bibliographic samples, but we do not give up our efforts and we want to give visibility to a work that had a great acceptance by the general public, by from libraries around the world, by publishers, by the authors of the books, an initiative that is widely followed on social networks in which it is uploaded as well as being a project in which the entire library staff was involved and... family and friends.

And for that, because every **#bookfacefriday** that is made has a team behind it without whom this project would be an impossible mission (models, bookends, photographers, props, ...), we want to thank:

- Adriana
- Ana
- Ana Belén
- Anxos
- Carlos
- Carmen
- Gema
- Jaime F.
- Jaime M.
- Jose
- Josete
- Juan P.
- Loli

- Marga
- María L.P.
- María L.S.
- María P.F.
- Merchy
- Miguel
- Pablo
- Paula
- Silvia
- Sindo



CATÁLOGO

Semana 1: 22 de novembro de 2019

É posible rir a gargalladas mentres les un libro que trata sobre o amor, o alcoholismo, a depresión, o matrimonio, a maternidade e... Deus? Por suposto, "**Iluminada**" é un bo exemplo.

Iluminada

Sinatura: 3A/3379

IG: 40 me gusta

Semana 2: 29 de novembro de 2019

"Tenías una pastilla de cianuro. Si pasaba el peligro, la escupías. Si no, la tragabas".

Así comeza a entrevista a Marina Vega por El País e así comeza tamén "**No sabes nada de mí**" de Pilar Cernuda, un percorrido apaixonante pola vida de mulleres espías españolas, tanto das pioneiras como das actuais.

No sabes nada de mí

Sinatura: GAL/17304

IG: 18 me gusta

Semana 3: 6 de decembro de 2019

Fai vinte anos, Dennis foi culpado no asasinato dunha adolescente. Unha vez cumprida a pena protagoniza un documental destinado a demostrar que era inocente. Cando finalmente o consegue, a súa muller, que o crera, comeza a dubidar... Hoxe a biblio está pechada, pero non nos resistimos a publicar o noso #bookfacefriday

La esposa inocente**Sinatura:** 3A/3269

IG: 31 me gusta

Semana 4: 13 de decembro de 2019

"Mi recuerdo más temprano es el de las ramas de pino rozando el vidrio de una ventana...". Nesta recompilación de textos de Lucia Berlin atopamos lembranzas, cartas, fotografías... de quen aínda que era unha escritora de talla non foi recoñecida ata "Manual para mujeres de la limpieza".

Bienvenida a casa**Sinatura:** 3A/3549

IG: 63 me gusta

Semana 5: 20 de decembro de 2019

Grazas a una única pero moi intelixente inversión, unha familia pasa da máis absoluta pobreza a posuír unha inxente riqueza. O primeiro que fai é mercar a Casa holandesa, o que non saben é que esta condicionará o sino de toda a familia.

La Casa Holandesa**Sinatura:** 3A/3549

IG: 53 me gusta

Semana 6: 27 de decembro de 2019

A historia de amizade entre dous nenos que os protexe da violencia do barrio da Bari dos anos oitenta onde van medrando xuntos, que se acaba por converter nun amor que os illa dos golpes da vida. "**Una familia decente**", Rosa Ventrella

Una familia decente**Sinatura:** 3A/3136

IG: 68 me gusta

Semana 7: 3 de xaneiro de 2020

Cando Alizée, pintora estadounidense que traballa para o goberno, desaparece sen deixar rastro no 1940, ninguén parece saber qué pasou, nin os seus amigos, nin a súa familia, nin a súa mecenas...

70 anos despois, a súa sobriña neta empregada na casa de subastas Christie's, descobre unhas pinturas agochadas nuns cadros abstractos. Terán que ver coa desaparición da súa tía avoa?

La Muralista

Sinatura: 3A/3366

IG: 20 me gusta

Semana 8: 10 de xaneiro de 2020

Executado. No medio da rúa. Un charco de sangue no chan e un burato de bala na caluga. Pero a policía non atopa pistas...

Filo de sable é un absorbente thriller policiaco que recrea a turbia Barcelona franquista dos sesenta.

Filo de sable

Sinatura: 3A/3397

IG: 25 me gusta

Semana 9: 17 de xaneiro de 2020

Diminúe o risco de colesterol e hipertensión, axuda a perder peso, favorece a circulación, minimiza o estrés, tonifica os músculos... Todo son vantaxes, e ademais é un dos propósitos de ano novo máis sinxelos de cumprir. Calza unhas zapatillas e sae a camiñar polos lugares que máis che gusten, axúdate desta guía de posturas e estiramentos.

Caminar para mantense en forma

Sinatura: 3M/24337

IG: 55 me gusta

Semana 10: 24 de xaneiro de 2020


O meu irmán é o mellor amigo do mundo! Forte, valente, enxeñoso e con grande gusto para a moda, é un gran futbolista e insuperable cantando e bailando rock! Así que o meu irmán é xenial... (ás veces).

Despois de falar do seu pai e da súa nai, Browne fálanos agora do seu irmán (para entre 4 e 6 anos aprox.)

Mi hermano

Sinatura: N BRO mih / z

IG: 40 me gusta

Semana 11: 31 de xaneiro de 2020

1937. Guerra en España. Un xoven oficial de Aduanas destinado en Santander publica unha revista e nela fala de Montaigne. Este é o punto de partida desta narración. O oficial chamábase José Luis Sampedro.

O feito tan pouco frecuente de ler a Montaigne antes dos vinte e reflexionar sobre él nunha revista autoeditada chamou poderosamente a atención de Andrés Sorel ao descubri-lo setenta anos despois, e a partires de entón mirou con outros ollos ao que por entón xa era un prestixioso economista, docente, escritor, pensador e humanista.

José Luis Sampedro**Sinatura:** 3Z/2393

IG: 34 me gusta

Semana 12: 7 de febreiro de 2020

O escritor e xornalista alemán Daniel Schreiber, que acaba de publicar "La última copa" sobre o problema non sempre admitido do alcoholismo, presentábanos en 2007 estoutro libro coa biografía dunha das meirandes iconas culturais do século XX cando aínda era unha descoñecida estudante, casada aos 17 anos despois dun noivado de só dez días, moi insegura e con enormes dificultades para escribir, que a levaban a consumir drogas.

Susan Sontag**Sinatura:** 3Z/2357

IG: 33 me gusta

Semana 13: 14 de febreiro de 2020

Penélope ten once anos e sempre foi diferente aos outros nenos. O seu cabelo é gris desde pequena e ás veces oe as palabras da súa nai antes de que ela fale. Un día descubre ao espertar que o seu cabelo se volveu vermello e que ademais, pode voar!

Decidida a descubrir porqué é quen de facer cousas que ninguén pode, emprende unha viaxe máxica...

La Chispeante magia de Penélope

Sinatura: N ZIN chi / a

IG: 81 me gusta

Semana 14: 21 de febreiro de 2020

"Rostros da memoria" recolle fotografías de @xurxolobato en primeiro plano, nas que se lles ofrece un recoñecemento a vítimas do franquismo. Mariñeiros, zapateiros, escultores, mestres... diferentes vidas retratadas neste libro...

Rostros da memoria

Sinatura: GAL/5653

IG: 23 me gusta

Semana 15: 28 de febreiro de 2020

"Orientalista, tibetóloga, cantante de ópera, pianista, compositora, feminista, xornalista, anarquista, escritora, exploradora e budista son só algúns dos adxectivos que describen á francesa Alexandra David-Neel, unha das viaxeiras máis célebres de todos os tempos e a primeira muller europea que conseguiu entrar disfrazada de mendiga en Lhasa, capital do Tíbet, nunha época na que os estranxeiros tiñan a entrada prohibida á cidade santa tibetana.

Nada en 1868, viveu 101 intensos anos, as aventuras desta muller excepcional ben

merecen ser coñecidas.

Alexandra David-Néel

Sinatura: 3Z/2420

IG: 52 me gusta

Semana 16: 6 de marzo de 2020

O luns á mañanciña un xoven preséntase na comaría. Vai empapado en sangue de pes a cabeza. "Están todos mortos", balbucea, e acto seguido desmáíase. A análise das súas roupas constata que o sangue pertence, como mínimo, a tres persoas...

Unha historia que mestura unha investigación, unha cidade convulsa, os problemas familiares e as loitas interiores...

Dócil

Sinatura: 3A/3624

IG: 56 me gusta

Semana 17: 13 de marzo de 2020

O corpo de Leila xace nun colector do lixo ás aforas de Estambul, o tempo flúe e, minuto a minuto, tráelle unha nova lembranza: a infancia co seu pai e as súas dúas nais nunha casa grande e antiga dunha tranquila cidade de Turquía, as murmuracións das mulleres cando os homes están na mesquita, a fuxida a Estambul para fuxir dos abusos e das mentiras familiares e dun matrimonio concertado...

Mis últimos 10 minutos y 38 segundos en este extraño mundo

Sinatura: 3A/3620

IG: 53 me gusta

Semana 18: 20 de marzo de 2020

María Broto é unha recoñecida actriz de teatro na fronteira dos corenta. Á saída dunha estrea, un home agarda por ela na porta de atrás, que insiste en contarlle quen é e por qué veu buscala. Así se entera da repentina morte do seu pai. A inesperada nova vén acompañada do ofrecemento de volver ao pobo no que viviron de nenos para asistir ao funeral ao día seguinte. Pero María aínda non ten claro se quere facer esta viaxe ao pasado e remover feridas abertas durante a infancia que aínda leva marcadas no interior...

Jauja

Sinatura: 3A/3554

IG: 70 me gusta

Semana 19: 27 de marzo de 2020

Os nomes de Maria Callas, Coco Chanel, Wallis Simpson, Eva Perón, Barbara Hutton, Audrey Hepburn e Jackie Kennedy ocuparon durante décadas as páxinas das revistas. Pero en realidade estas rutilantes divas foron persoas solitarias, acomplegadas co seu físico e celosas da súa intimidade. Estas sete mulleres de lenda comparten dolorosas feridas...

Divas rebeldes**Sinatura:** 3Z/1285

IG: 27 me gusta

Semana 20: 3 de abril de 2020

Este proxecto aborda unha reflexión acerca do efémero, do importante e do valor das cousas a través de 45 retratos que presentan diferentes arquetipos da estupidez humana: arrogancia, egolatría, avaricia, etc. Un proxecto en forma de acción que percorreu diversos espazos expositivos baixo a forma dunha campaña de adopción para terminar a súa viaxe o 23 de xuño de 2017 nunha acción de quema de San Xoán.

Porque... quen non quixo algunha vez queimar algún señor importante ? :P

Así nos presenta Natasha Lelenco O gran libro dos señores importantes.

O Gran libro dos señores importantes**Sinatura:** GAL/17361

IG: 30 me gusta

Semana 21: 10 de abril de 2020

Elena e Sergio son una parella unida, pero a imposibilidade de ser pais fai aflorar a falta de amor entre ambos, e Sergio decide abandonala despois de vinte anos de convivencia.

No medio dunha profunda depresión, Elena recibe a proposta de aloxar a un tío avó seu durante a súa convalecencia, e como para poder sobrevivir ten alquilar a súa casa, enseguida outras personaxes chegan con outra visión sobre como vivir a tristura ou como fuxir dela...

De la melancolía**Sinatura:** 3A/3504

IG: 74 me gusta

Semana 22: 17 de abril de 2020

Valeria, unha nova mestra de escola con unha relación secreta con Tom, que lle leva trinta anos, enfróntase ó dilema dos sentimentos e quere entender o significado do amor. No mesmo pobo, Lilian desaparece sen motivo aparente namentres o seu home está na outra punta do mundo. Greg, un home ao que lle perden as mulleres e frecuenta un club de alterne, un día vese descuberto da peor maneira posible...

A través de momentos coma estes, adentrámonos nos misterios dunha

pequena comunidade rural.

El mapa de los afectos**Sinatura:** 3A/3622

IG: 38 me gusta




Semana 23: 24 de abril de 2020

A partir do drama desencadeado por Marcos, un rapaz de dezaseis anos, que fai correr ríos de tinta en todos os medios, un xornalista comeza unha investigación no instituto onde estudaba. A través das testemuñas de profesores e compañeiros, o lector irá descubriendo as razóns da aparente tolemia de Marcos.

***La edad de la ira*****Sinatura:** 3S/6580

IG: 38 me gusta

Semana 24: 24 de abril de 2020

Parecíanse moito a nos, os Homo sapiens, e sen embargo desapareceron. Por qué? Non está moi claro o que sucedeu, pero Clive Finlayson danos bastantes pistas... E ti, qué vas ler esta finde?

***El sueño del neandertal*****Sinatura:** 3M/29081

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/el-sueno-del-neandertal-por-que-se-extinguieron-los-neandertales-y-nosotros-sobrevivimos-00059490>

IG: 37 me gusta

Semana 25: 8 de maio de 2020

Hai poucas miradas tan inolvidables como a de Paul Newman. Todo o mundo recordará sempre os seus ollos azuis e o seu sorriso, pero ¿quén foi realmente Paul Newman? Shawn Levy retrátao para nós.

***Paul Newman : la biografía***

Sinatura: 3Z/295

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odiotk.es/info/paul-newman-la-biografia-00032862>

IG: 39 me gusta

Semana 26: 15 de maio de 2020


Especial Letras Galegas

Diferentes narradores iluminan o conxunto da obra literaria, lingüística ou filolóxica de Carvalho Calero e as sucesivas etapas biográficas neste libro, "O anxo da terra" de Henrique Rabuñal, a lectura escollida para este bookfacefriday das Letras Galegas 2020.

***Ricardo Carvalho Calero : o anxo da terra***

Sinatura: GAL/17492

IG: 45 me gusta

Semana 27: 22 de maio de 2020

Sendo un bebé, puxéronlle unha raqueta de xoguetes na man, e desde entón non fixo máis que golpear pelotas de tenis. Escrita polo premio Pulitzer J.R.Moehringer, Open é o retrato a corazón aberto de André Agassi.



Open : memorias

Sinatura: 3Z/1862

ebibliodacoruna:
[memorias-00047894](https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/open-memorias-00047894)

[https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/open-](https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/open-memorias-00047894)

IG: 23 me gusta

Semana 28: 29 de maio de 2020

A gran poeta Ida Vitale, gañadora do Premio Cervantes 2018, reconstrúe a historia dos anos que pasou na cidade de México e a súa vida literaria.



Shakespeare palace : mosaicos de mi vida en México

ebibliodacoruna:
<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/shakespeare-palace-mosaicos-de-su-vida-en-mexico-1974-1984-00038302>

IG: 41 me gusta

Semana 29: 5 de xuño de 2020

O señorito da Reboraina é a derradeira novela escrita por Otero Pedrayo e a única que publicou en galego despois da Guerra Civil. Publicada por vez primeira en 1960, narra a vida do fidalgo don Xoán Manuel Pereira de Castro, un singular personaxe que dá orixe a unha documentada novela de humor e aventuras que parodia o mundo da fidalguía.

**O señorito da Reboraina**

Sinatura: M/461 ; LS/461 ; BM/2620

ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/o-senorito-da-reboraina-00040008>

IG: 34 me gusta

Semana 30: 12 de xuño de 2020

A desaparición de Linnea, unha nena de catro anos, dunha granxa nas aforas de Fjällbacka, desperta trágicos recordos. A través de tres liñas temporais, —o presente, un caso sen resolver de fai trinta anos, e o relato do século XVII —, Camilla compuxo a súa novela máis ambiciosa e que non poderás parar de ler.

**La bruja**

Sinatura: 3S/11991

IG: 33 me gusta

Semana 31: 19 de xuño de 2020

Edward Snowden, responsable da meirande filtración de intelixencia na historia, sacudeu o mundo revelando que o goberno estadounidense ten a capacidade de ler cada correo electrónico, escoitar cada chamada e entremeterse na vida privada de todos e cada un dos cidadáns do mundo. Denuncia a colaboración entre a espionaxe e as grandes multinacionais da era dixital e destapa cómo nos vixían e de qué xeito se comercia coa

nosa información persoal. Porque como anuncia Snowden no seu libro, «a loita polo dereito á intimidade é a nova loita pola nosa liberdade».

Vigilancia permanente

Sinatura: 3M/1038



Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/vigilancia-permanente-00048655>

IG: 31 me gusta

Semana 32: 26 de xuño de 2020

Leopoldo Pardo -Leopardo-, ex-presidiario e antigo vixilante xurado, traballa agora na cidade de Auria como axente de seguros da compañía Nationale Switzerland. Un día recibe un encargo especial dun cliente extravagante: asegurar sete obxectos paradigmáticos da cultura galega entre os que están a máquina de escribir de Blanco Amor ou a caveira de Breogán.

**As Sete mortes de Leonardo pardo**

Sinatura: GAL/17056

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/as-sete-mortes-de-leopoldo-pardo-00031858>

IG: 26 me gusta

Semana 33: 3 de xullo de 2020

No verán de 2015, Yusra, de dezasete anos, e a súa irmá maior Sara, fuxiron de Siria embarcándose nun pequeno bote con outras vinte persoas. Levaban trinta minutos de travesía cando estiveron a piques de afundir. Nese momento, Yusra, Sara e outras dúas persoas tiráronse ao mar para alixeirar a carga. Elas eran as únicas que sabían nadar, e durante máis de tres horas foron as que guiaron a barca ata as costas de Lesbos, salvando a vida do

resto dos pasaxeiros. Naquel intre ninguén podía imaxinar que un ano despois Yusra Mardini competiría como nadadora nos Xogos Olímpicos de Río.



Mariposa : de refugiada a nadadora olímpica, mi historia de superación y esperanza

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/mariposa-de-refugiada-a-nadadora-olimpica-mi-historia-de-superacion-y-esperanza-00049166>

IG: 58 me gusta

Semana 34: 10 de xullo de 2020

A historia dúas mulleres en busca da liberdade a través do século XX. Unha poderosa homenaxe a maio do 68 no seu aniversario. Gañadora do Premio Marguerite Duras e do Prix des Lycéennes de Elle.



De repente, la libertad

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/de-repente-la-libertad-00039969>

IG: 35 me gusta

Semana 35: 17 de xullo de 2020

O 8 de maio de 1955 a escritora Emily J. Parker desaparece en Londres mentres a cidade celebra o décimo aniversario da fin da II Guerra Mundial. Nunca máis volve saberse nada dela, ata...

Ata aquí podemos ler!.

**Septiembre puede esperar**

Sinatura: GAL/16973

Ebibliodacoruna:

<https://ebibliodacoruna.odiotk.es/info/septiembre-puede-esperar-00039695>

IG: 33 me gusta

Semana 36: 24 de xullo de 2020

Ángela traballa nunha fábrica de calzado, é unha rapaza alegre e apaixonada, pero á vez moi temperamental. Adora á toliña da súa prima Feli e acaba de decidir que este verán pasará as súas vacacións con ela e co seu home. Que trema o mundo!

Pero nin de broma imaxinaba todo o que lle pasaría durante o verán!

A novela perfecta para levar na túa maleta en agosto!

Novela gañadora do X Premio de Novela Romántica Terciopelo.

¿Quién me lo iba a decir?

Sinatura: 3S/10777

IG: 26 me gusta

Semana 37: 31 de xullo de 2020

Un autobús percorre lentamente a Anatolia. No seu interior, Leo sente que lle ferve a cabeza nunha dura batalla entre os medos, as esperanzas e as dúbidas. Vai para tres meses que abandonou a súa casa coa intención de facer unha viaxe polo mundo adiante. Agora, nese vehículo incómodo que atravesa Turquía, Leo ten que decidir que

facer. Que visitar. Con quen. Como. A rapaza bota a man á cabeza acabada de rapar e suspira...

Premio Irmandade do Libro ao Mellor libro Infantil e Xuvenil do ano 2014: Ámote Leo A.: Estación de tránsito, de Rosa Aneiros, é a segunda entrega dunha triloxía


Amote Leo A. : estación de tránsito

Sinatura: GAL/2259

Ebibliodacoruna:

<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/opac?id=00038201>

IG: 28 me gusta

Semana 38: 7 de agosto de 2020

De malla a malla desenvólvese a historia de amor, protagonizada por Carmela e Manuel durante os difíciles anos da posguerra en Cabanelas. Mais tamén é esta unha emocionante novela coral na que se describe o complexo tecido de relacións que compoñen a vida

dunha aldea, marcada pola pobreza e a miseria, pola forte presenza da Igrexa que exerce unha notable influencia na vida cotiá, e pola ausencia de futuro na propia terra, cando a saída máis favorable para os seus habitantes máis novos é a emigración a Montevideo.

As rapazas de Xan

Sinatura: GAL/16827

IG: 28 me gusta

Semana 39: 14 de agosto de 2020

Presentámosche a Zelda, con vinteún anos e unha visión moi particular da vida: na súa casa non entran descoñecidos, os tomates deben ir sempre no medio do bocadillo e non mollar o pan, e soña con converterse nun heroe vikingo na vida real. Zelda naceu con trastorno do espectro alcohólico fetal, o que fai que vexa a vida dun xeito máis sinxelo, pero tamén máis inocente, humano e

carente dos prexuízos e a soberbia que caracterizan á meirande parte das persoas.

Y Zelda se convirte en vikinga

Sinatura: 3A/3690

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/y-zelda-se-convirtio-en-vikinga-00059722>

IG: 37 me gusta

Semana 40: 21 de agosto de 2020

Evelyn Hugo, a icona de Hollywood que se recluíu na súa idade madura, decide á fin contar a verdade sobre a súa vida chea de glamour e escándalos. Pero cando elixe para esto a Monique Grant, unha xornalista descoñecida, ninguén se sorprende máis que a propia Monique. Por que ela? Por que agora? Monique non está precisamente no seu mellor momento. O seu home abandonouna, a súa vida profesional non avanza... Pero está decidida a aproveitar esa oportunidade para dar un impulso á súa carreira.

Los siete maridos de Evelyn Hugo

Sinatura: 3A/3654

IG: 46 me gusta

Semana 41: 28 de agosto de 2020

Unha divertida novela sobre dúas irmás cariocas, Eurídice e Guida, que nos anos cincuenta, tomaron camiños moi diferentes. Mentres Guida fuxe da casa para vivir o seu amor con un prestixioso doutor que acabará por abandonala e deixala soa ao cargo dunha criatura, Eurídice, en cambio, compórtase de xeito exemplar e segue o que se espera dela: a súa mellor perspectiva de vida é ser unha boa esposa, ama de casa e nai. Pero en realidade ningunha das dúas é feliz coa súa elección, e deberá pasar moito tempo ata que se den conta de que a felicidade que anhelan está escondida nos lugares máis inesperados.

La vida invisible de Eurídice Gusmao

Sinatura: 3S/11226

Ebibliodacoruna: [https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/la-vida-invisible-de-euridice-gusmao-00039557](https://ebibliodacoruna.odiotk.es/info/la-vida-invisible-de-euridice-gusmao-00039557)

IG: 86 me gusta

Semana 42: 4 de setembro de 2020

¿Que pasou con Bárbara Molina? Nunca se encontrou o seu corpo nin se conseguiron probas para deter ningún culpable. Unha chamada a un móbil pon patas arriba o destino de moitas persoas: o dun policía a piques de se xubilar, o dunha nai que perdeu a esperanza de atopar a súa filla desaparecida, o dunha rapaza que traizoou a súa mellor

amiga.

Xa tocaba un bookfacefriday de literatura xuvenil, non? Pois Palabras envelenadas, de Maite Carranza, foi Premio Edebé de Literatura Xuvenil. Aínda que está tamén orientado a público adulto.

Palabras envelenadas

Sinatura: N CAR pal / m

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/palabras-envelenadas-00049494>

IG: 29 me gusta

Semana 43: 11 de setembro de 2020

A inspectora de homicidios Manuela Mauri leva sete meses de baixa cando recibe a visita da oficial Guadalupe Larbi para pedirlle que se reincorpore ao traballo: so ela, lle di, ten a autoridade e o empuxe precisos para sacar adiante unha complicada investigación na que a Brigada Provincial de Policía Xudicial de Madrid non consegue avanzar.

Si esto es una mujer

Sinatura: 3A/3342

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/si-esto-es-una-mujer-00047957>

IG: 51 me gusta

Semana 44: 18 de setembro de 2020

Ficción e realidade mestúranse nesta novela ambientada na historia recente de España. Coa súa mestría habitual, Manuel Vicent retrata a inestable fronteira entre un tempo escuro e en declive e outro que vai comezar a asomar no horizonte cos primeiros ventos de cambio.

Ava en la noche**Sinatura:** 3A/3709**Ebibliodacoruna:** <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/ava-en-la-noche-00075750>


IG: 68 me gusta

Semana 45: 25 de setembro de 2020

Preto de Barcelona, no Lolita's Club, as rapazas venden agarimos a granel mentres dona Lola atende a barra e despacha cos chulos de turno. Valentín, un home de trinta anos que fai e pensa coma un neno, leva as bebidas ás habitacións, pero sobre todo gústalle consolar con tenras palabras os males de Milena, unha moza colombiana á que adora. As cousas cambian cando entra en escena Raúl, o irmán xemelgo de Valentín. Cando este policía, apartado do servizo por mala conducta, intente afastar a Valentín de Milena, verase obrigado a enfrontarse coas débedas do pasado, e pagar con sangue...

Canciones de amor en el Lolita's Club**Sinatura:** 3S/1706**Ebibliodacoruna:** <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/canciones-de-amor-en-lolitas-club-00075706>

IG: 32 me gusta

Semana 46: 2 de outubro de 2020

Anne Forestier queda atrapada no medio dun atraco a unha xoiaría nos Campos Elíseos. Despois de recibir unha malleira que a deixa ao borde da morte, ten a sorte se sobrevivir... e acondena de ter visto a cara do asaltante. A súa vida corre un grave perigo, pero Anne conta coa axuda do home ao que ama: o comandante Camille Verhoeven. Este estará disposto a


actuar á marxe da lei con tal de protexela. Pero quen é ese inimigo, e por que ese empeño tan feroz en acabar con Anne?

Camille

Sinatura: 3S/10787

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odiotk.es/info/camille-un-caso-del-comandante-camille-verhoeven-4-00038484>

IG: 45 me gusta

Semana 47: 9 de outubro de 2020

Hai cousas que non poden dicirse, e é certo. Pero o que se ten que escribir é o que non se pode dicir.» Dragó fai súa esta novela de non ficción onde todas as personaxes, menos unha, aparecen con nome propio. A crónica dos delitos e o cautiverio de Luis Roldán, ladrón con mando en praza, chivo

expiatorio do felipismo e protagonista do maior episodio de illamento penitenciario da nosa historia, e a da trepidante busca emprendida polo autor en seis países ao fío dunha dura peripecia persoal recórtanse contra o pano de fondo da España das corrupcións, as imposturas e a picaresca.

La Canción de Roldán

Sinatura: 3S/9760

IG: 24 me gusta

Semana 48: 16 de outubro de 2020

Europa é a historia de Heda, unha rapaza que chega a Europa xunto coa súa familia, fuxindo dun país en guerra. A súa nova vida transcorre entre a súa casa, un humilde fogar que os seus pais se esforzan por construír, e a fábrica onde traballa co seu irmán e outros refuxiados. A medida que coñecemos a súa historia, sairá á luz a ferida

invisible e profunda que o pasado deixa tras de sí.

Europa

Sinatura: 3S/11505

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odiotk.es/info/europa-00039610>

IG: 38 me gusta

Semana 49: 23 de outubro de 2020

Pechado na habitación dun hospital e a sabendas de que os seus días estaban contados, Isaac Asimov decidiu deixar de lado a astronomía, a bioquímica e a ciencia ficción para dedicarse ao tema que máis lle interesaba: a súa vida. Naceu así un autorretrato de pincelada fina sobre a súa curiosidade infatigable, un saber aparentemente sen límites, e unha dedicación incansable.

O resultado desta última entrega do gran autor é un documento único, insólito e tan apaixonante coma a mellor das súas novelas. "Confío e agardo que, tras ler estas Memorias, o lector chegue a coñecerme de verdade, e cabe incluso que eu chegue a gustarlle. Isto encantaríame".

Memorias

Sinatura: 3M/8107


IG: 27 me gusta

Semana 50: 30 de outubro de 2020

O autor falou co presidente palestino en máis de 150 ocasións e entrevistou a centos de palestinos e israelís relacionados con el, ademais de consultar numerosas fontes documentais, para construír esta ambiciosa biografía de Yasser Arafat, que cobre desde o seu nacemento en 1929 ata a súa morte en novembro de 2004.

Arafat**Sinatura:** 3K/615

IG: 27 me gusta

Semana 51: 6 de novembro de 2020

Inspirado pola obra de Cervantes, Sam DuChamp, un escritor mediocre de thrillers de espías, crea a personaxe de Quijote, un viaxante de produtos farmacéuticos que vive obsesionado coa televisión e está namorado platonicamente dunha

estrela da pequena pantalla. Quijote embárcase nunha aventura a través de Estados Unidos para probar que é merecedor da man da súa doncela, enfrontándose con valor aos perigos dunha época na que calquera cousa pode suceder, desde ciberespías rusos ao racismo e incluso a ameaza da fin do mundo.

Quijote**Sinatura:** 3A/3680**Ebibliodacoruna:** <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/quijote-00055563>

IG: 19 me gusta

Semana 52: 16 de novembro de 2020

50 palos non é unha biografía, porque as biografías cheiran a morto, di Pau Donés. Así que se hai algún xeito de entender este libro é como unha reflexión, unha charla amistosa que se prolonga ata a madrugada e na que Pau da conta dos seus mellores momentos, pero tamén dos peores. É un libro que resposta a moitas preguntas que lle fixeron os xornalistas e que no seu momento non quixo contestar. Honesto e vital como o foi na súa propia vida. Ata o final.

Este bookfacefriday é unha homenaxe á súa música e á súa persoa.

50 palos... y sigo soñando

Ebibliodacoruna: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/50-palos-y-sigo-sonando-00039561>

IG: 35 me gusta